


# ROMARÍA NA CARBALLEIRA O TEMPO DE LECER DOS NOSOS ANTERGOS

Reconquista da Vila de Vigo 2015



Do 19 de marzo  
ao 5 de abril de 2015

.....

Casa Galega da Cultura

CONCELLO  
DE VIGO



## ROMARÍA NA CARBALLEIRA. O TEMPO DE LECER DOS NOSOS ANTERGOS



**As Romarías en Galicia constitúen un importantísimo fenómeno social e cultural que se remonta máis de mil anos atrás e que relaciona elementos devotos como a promesa, o rezo e o ofrecemento, con outros profanos, como a relación social, o baile e o divertimento.**

**Un elemento indispensable da Romaría é a existencia dun espazo ou lugar privilexiado que se relaciona con atributos ou “poderes” presentes no entorno e que relacionado coas antigas crenzas castrexas podía situarse en carballeiras, soutos ou agrupacións de árbores senlleiras que representaban ás vellas divindades.**

**As Romarías tiñan unha función tamén indispensable naquela sociedade xa que supuñan unha pequena liberación e un necesario tempo de lecer e relaxación física e psicolóxica para a xente do campo tras un ano de duro traballo sen apenas descanso. Así comunidades que permanecían illadas a maior parte do ano entraban en relación, feito este fundamental para o coñecemento e a evolución da propia sociedade.**

**Nesta exposición encadrada nos actos da Reconquista da Vila de Vigo 2015, recreamos unha carballeira, na que non faltan bailadoras e bailadores, música e xantar. Podemos coñecer como vivían o tempo de lecer os nosos antergos e como visten para esas ocasións.**



**Tendo en conta que estamos nunha romaría na carballeira, vemos sobre todo traxes de cotío, confeccionados con teas bastas fabricadas artesanalmente (liño, pano, estameña, etc.).**

**Vemos tamén algún traxe de gala, levado principalmente polos señores do pobo, feito con teas máis ricas (veludos, rasos, etc.) e moi adornados con cintas, pedrería, bordados, etc.**

**Un ano máis desexamos que esta exposición vos faga entender e querer o noso traxe tradicional, as nosas tradicións e a nosa terra.**

**E agora, a gozar da nosa romaría!!**

**Patricia González Iglesias**  
*Costureira tradicional*

*Comisaria*

Os seus comezos foron da man da profesora de corte e confección de Saiáns, pasando a continuación a formarse como deseñadora de moda e patronista/escaladora.

Dende ben pequena forma parte do grupo de baile da Asociación Veciñal de Saiáns e recibe clases de música tradicional da man de prestixiosos e queridos mestres, que lle ensinan a querer a nosa tradición.

A mestura destes dous mundos fai que se introduza no mundo do traxe tradicional e este convértese no seu medio de vida e na súa paixón.

Crea o seu propio obradoiro de costura hai case 18 anos, onde investiga, diseña e confecciona artesanalmente traxes tradicionais, fundas para instrumentos a medida, vestidos para gaitas.

Dende hai anos, é a profesora responsable do curso de costura tradicional da Asociación Veciñal do Casco Vello de Vigo, así como do asesoramento e confección do vestiario da representación da Festa da Reconquista da Vila de Vigo.

Posuidora de diversas distincións, tales como Certame de Novos Deseñadores de Camariñas, Certame de Promoción da Moda Vigofeira e Mostra de Novos Creadores de Moda da Xunta de Galicia, ten tamén participado en conferencias e exposicións (A Reconquista de Vigo no Museo Quiñones de León, Mostra do Traxe Tradicional Galego no Casco Vello do Concello de Vigo, etc.). Asemade, é autora do deseño seleccionado no concurso de ideas para o uniforme oficial do persoal educador e coidador das Galescolas, e ten deseñado e confeccionado parte dos vestiarios para obras de teatro e espectáculos.

Polo seu obradoiro teñen pasado e pasan na actualidade unha gran parte das xentes do mundo tradicional (asociacións, centros galegos no exterior, grupos, solistas, etc.), e hónrase en traballar man a man con artesáns de instrumentos tradicionais da nosa terra. Unindo tradición e modernidade para expandir a súa actividade mediante as redes sociais, realiza encargos fóra de Galicia, dentro do estado español e para outros países europeos.

## **Escenografía da ESAD de Galicia**

*Carmen Romero Rodríguez*  
*Juan Bernal Tena*  
*Ana M<sup>a</sup> Fernández Arteaga*  
*Profesores*

*Xiomara Correa Docampo*  
*María Gutiérrez Cedrón*  
*Alumnas*

## **Escenografía**

Un traxe non é simplemente un anaco de tea sen sentido, ten unha función práctica e estética que sería difícil de entender nunha exposición se non se sitúa nun escenario, nun contexto. Nesta exposición, os encargados de trasladarnos a unha romaría tradicional nunha carballeira é o alumnado de Escenografía da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.

A titulación de Escenografía implantouse por primeira vez en Galicia no curso 2009-2010. En 2013 fornece ao país dos seus primeiros diplomados, profesionais da plástica escénica, do discurso dramático elaborado a través da luz, da perspectiva, do deseño de espazos, da caracterización, da indumentaria... O escenógrafo e a escenógrafa dota de performatividade e dinamismo ao conxunto, é un narrador a través do código visual, pero tamén un artesán que indaga nas texturas, nas mesturas, nos mecanismos. A escenografía é a arte de escribir no espazo con letras tridimensionais que queren provocar no espectador uns estímulos concretos. Os escenógrafos son creadores de sentimentos e ideas no palco dun escenario, na caseta dunha feira, nunha exposición que queira ser máis viva, en calquera contexto que requira do signo móbil que faga dialogar ao receptor co artefacto escénico, evocando diversos contextos.

# ROMARÍA NA CARBALLEIRA O TEMPO DE LECER DOS NOSOS ANTERGOS

Reconquista da Vila de Vigo 2015

.....

## Casa Galega da Cultura

Praza da Princesa, 2. Vigo

## Do 19 de marzo ao 5 de abril

Luns e venres: de 18:00 a 21.00 h.

Sábados: de 12.00 a 14.00 e de 18.00 a 21.00 h.

Domingos e festivos: de 12.00 a 14.00 h.

Apertura especial: sábado 28 de marzo (festivo local)

e domingo 29 de marzo: de 12.00 a 14.00 e de 18.00 a 21.00 h.



**REDE DE MUSEOS**  
**CONCELLO DE VIGO**  
Casa Galega da Cultura

**CONCELLO**  
**DE VIGO**

